

O **17** de maio é unha data histórica



LUISA VILLALTA

*Día das Letras Galegas
Celebrémolo*

ESPECIAL LETRAS GALEGAS

Luísa Villalta, unha vida de música, escrita e compromiso

Naceu na Coruña e estudou Filoloxía en Santiago » Ademais de nas letras, destacou co violín

B.C. [SANTIAGO]

A sexta muller homenaxeada na historia do Día das Letras cumprirá 67 anos este 2024. Luísa Villalta Gómez (1957-2004) naceu na Coruña, cidade intimamente ligada á súa obra. Graduouse en Filoloxía Galego-Portuguesa e Hispánica pola Universidade de Santiago de Compostela, destacando tamén como virtuosa do violín, instrumento ao que sempre se referiu con devoción. O seu talento musical levouna a formar parte da Xove Orquestra de Galicia e a Orquestra de Santiago de Compostela, así como de varios grupos de cámara.

Como prolífica e versátil escritora, Luísa Villalta aventurouse a escribir en diversos xéneros literarios, desde poesía ata narrativa, ensaios, pezas teatrais e textos xornalísticos. O seu compromiso

VILLALTA
AVENTUROUSE A
ESCRIBIR EN DIVERSOS
XÉNEROS LITERARIOS,
DA POESÍA AO TEATRO,
NARRATIVA, ENSAIO...

cultural levouna tamén a participar en seminarios, recitais de poesía, conferencias así como a colaborar en numerosas publicacións periódicas.

Como muller comprometida, desempeñou un papel activo en institucións como a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), o Foro da Cultura Galega ou a Mesa pola Normalización Lingüística, ademais da súa militancia no Bloque Nacionalista Galego.

A esencia creativa de Luísa manifestábase na fusión entre a música e a poesía, tal e como se reflicte no seu primeiro poemario, *Música Reservada* (1991) ou no seu ensaio *O outro lado da música, a poesía*. Na súa obra, a cidade da Coruña foi un tema recorrente, destacando o seu libro *En Concreto* (Espiral Maior, 2004), obra na que transita pola urbe, que viu a luz en edición póstuma e que foi libro gañador da XII edición do Premio de Poesía Espiral Maior.

De xeito trágico, Luísa Villalba faleceu por mor dunha meninxite o 6 de marzo de 2004 á idade de 46 anos, deixando unha vida chea de proxectos e contribucións ao mundo cultural galego. Os seus restos descansan no histórico camposanto coruñés de Santo Amaro, en Monte Alto.

«Que pouco é todo o mundo / para tanto desexar, para tanto recordar».



Luísa Villata retratada por Xosé Abad



PÉREZ - LEMA
Avogados e consultores

Moitos azos e o mellor asesoramento legal para esta nova xeira.

Coas nosas Letras, co noso país e coa nosa xente!



www.xoanantonperezlema.com

881 964 020

Rúa Santiago Rey Fernández Latorre, nº 57, 7º (edificio Apolo 2)
Esquina Ramón y Cajal - Fronte ao Corte Inglés, 15006 A Coruña



ESPECIAL LETRAS GALEGAS

Unha obra multidisciplinar

Luísa Villalta é moi recoñecida como poeta, pero tamén foi narradora, dramaturga, ensaísta e tradutora » Repaso á obra completa da polifacética autora

B.C. [SANTIAGO]

Alén de extraordinaria poeta, Luísa Villalta foi unha destacada narradora, dramaturga, ensaísta, tradutora, filóloga e violinista.

Os seus poemarios *Música reservada* (1991), *Ruído* (1995), *Rota ao interior do ollo* (1995) e *En concreto* (2004), que se recollen en *Pensar é escuro. Poesía reunida (1991-2004)* (Galaxia, 2023), que a converteron nunha das voces máis importantes da literatura galega do noso tempo, así como *Papagaio* (2006), con fotografías de Maribel Longueira sobre o derrubamento do barrio da prostitución da súa Cidade Alta coruñesa.

No campo dramático destacan: *Concerto para un home só* (1989), *O representante* (1990), *O paseo das esfinges* (1991), *As certezas de*

Ofelia (1999) e *Os doces anos da guerra* (2011). Como narradora publicou *Silencio, ensaiamos* (1991), *Teoría de xogos* (1997) e *As chaves do tempo* (2001).

En canto ao ensaio, Villalta deu ao prelo *O Don Hamlet de Cunqueiro: unha ecuación teatral* (1992), *O outro lado da música, a poesía: relación entre ambas artes na historia da literatura galega* (1999), reeditado por Galaxia en 2020, e *Libro das columnas* (2005), reeditado en 2024, con limiar de Xosé Enrique Acuña.

Tamén en Galaxia está publicada a súa *Narrativa reunida* (Galaxia, 2024); e *En concreto* (2024), nunha edición especial con limiar da poeta, ensaísta e cantante Estíbaliz Espinosa e fotografía de Xurxo Lobato.



17 de maio - Día das Letras Galegas

“...achegamento dos abismos
mar detido contra os
cons do corazón
eu en nós
sen nós...”

Luísa Villalta - “En concreto”

CONGALSA

ESPECIAL LETRAS GALEGAS

Galicia homenaxea a Luísa Villalta

A RAG celebra o seu pleno extraordinario das Letras »
Haberá un apartado musical,
fonte de inspiración da autora

B.C. [SANTIAGO]

Hoxe venres, 17 de maio, a Real Academia Galega celebra un pleno extraordinario con motivo do Día das Letras, dedicado este 2024 a Luísa Villalta. Será na cidade da Coruña, lugar de nacemento, residencia e un espazo literario constante na obra de Villalta. O evento, que principia ás 12:30 h no Teatro Rosalía, será un

tributo á destacada dramaturga, poeta, narradora, ensaísta e articulista galega.

A sesión pública, de entrada libre ata completar a capacidade, contará con tres discursos: os de Ana Romaní, Margarita Ledo e Euloxio R. Ruibal. Estes académicos profundarán en distintos aspectos da vida e obra de Luísa Villalta, que pese á súa morte prematura,

aos 46 anos de idade, deixou un enorme legado literario.

A parte musical correrá a cargo da violinista da Real Filharmonía de Galicia, Kiyoko Ohashi, e a cantante e poeta coruñesa Estíbaliz Espinosa. O repertorio elixido busca reflectir os gustos eclécticos de Villalta, quen, aín-

da que abandonou a música como profesión, mantívoo como fonte de inspiración ao longo da súa vida.

Este acto central do Día das Letras Galegas é só unha parte das homenaxes que se lle están a render a Luísa Villalta. Desde xaneiro, a RAG promove a súa figura e legado a tra-

O ACTO CENTRAL DAS
LETRAS GALEGAS
CELÉBRASE ESTE
MEDIODÍA NO TEATRO
ROSALÍA DA CORUÑA

vés da serie documental web *Luísa Villalta, a rebelión da palabra*, dirixida por Damián Varela Pastrana e realizada por Miramemira.

Recursos divulgativos

Ademais, a RAG ofrece diversos recursos divulgativos sobre Luísa Villalta na súa sección web dedicada ás Letras Galegas 2024. Ana Romaní proporciona unha biografía detallada da autora, así como unha selección de citas da súa obra. Para o público máis novo, lanzouse a web Primavera das Letras, onde se poden atopar actividades interactivas, fichas para colorear e o conto *Violino, Inglesa e o libro xigante*, unha iniciativa que achega de maneira lúdica a figura da escritora aos máis pequenos.



A poeta Luísa Villalta co mar da Coruña ao fondo

~ Maio Cultural ~ Concello de Brión

No Concello de Brión celebramos o Día das Letras Galegas



Máis información sobre a programación de actividades:
www.concellodebrion.gal

Letras
Galegas
Luísa Villalta

Retrato: Rafael Villalta - Arquivo Familiar



Día das Letras
GALEGAS
Dedicado a Luísa Villalta



Mes das LETRAS
GALEGAS



XUNTA DE GALICIA SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA



Venres 17 de maio - 20:00 h.
CONCERTO DE LUCÍA ALDAO
Auditorio da Casa Museo Rosalía de Castro

Sábado 18 de maio - 19:00 h.
XXXVI FESTIVAL DAS LETRAS GALEGAS
(organizado pola Coral Polifónica Padronesá)
- Coral "A Lembranza" de Sada
- Coral Polifónica Máximo Gorki de Vigo
- Coral Polifónica Padronesá

Venres 24 de maio - 20:00 h.

CONCERTO DE BARAHÚNDA
Auditorio da Casa Museo Rosalía de Castro

LUISA VILLALTA E O VIOLINO DE VENTO
TÍTERES BRINCADEIRA
Praza de Macías (en caso de chuvia no Auditorio Municipal)

Venres 31 de maio - 20:00 h.

ISAURA E TRISTÁN. CONTASTORIAS
FANTOCHES BAJ
Praza de Macías (en caso de chuvia no Auditorio Municipal)

Entradas de balde ata completar aforo

ESPECIAL LETRAS GALEGAS



Vegalsa - Eroski rende homenaxe a Luísa Villalta

» Os seus 250 establecementos en Galicia contarán con 550 carteis conmemorativos e bolsas da compra de edición especial

A pegada de carteis no Eroski Center de Mesoiro deu o pistoletazo de saída á campaña das Letras Galegas.
// Iago López

xeral da Lingua da Xunta de Galicia, Valentín García; da irmá da homenaxeada, Susana Villalta; da académica de número da RAG, María Dolores Sánchez; e por parte de Vegalsa-Eroski, do director de hipermercados, supermercados e gasolinerías Eroski, Florentino Vázquez; da directora de Sostibilidade e Comunicación Corporativa, Gabriela González; do director de Márketing, Julián Hernández, ademais da xefa da tenda, Belén Vidal e da xefa de zona, Manuela Presas.

O COMPROMISO CO IDIOMA E A CULTURA GALEGA É UN DOS VALORES ESENCIAIS DA COMPAÑÍA

Durante este mes de maio as bolsas da compra a disposición dos clientes lembrarán a esta escritora coa frase "Tes medo do abismo? Abre as ás e voa". Ademais, e como novidade para este ano, estanse a levar a cabo sorteos semanais nos perfís de Instagram e Facebook da compañía. Cada semana, sortéase unha cesta de produtos galegos valorada en 80 euros por compras superiores a 10 euros en establecementos Eroski e Autoservicios Familia.

B.C.

Coa comunidade impresa no seu ADN empresarial, a compañía galega de distribución alimentaria Vegalsa-Eroski súmase un ano máis á conmemoración das Letras Galegas ensalzando á figura de Luísa Villalta,

autora homenaxeada polo 17 de Maio este 2024.

A través dos 250 establecementos que dispoñe en Galicia, achegará a obra da escritora coruñesa con 550 carteis conmemorativos deseñados por alumnos do CEIP Raquel Camacho da cidade herculina, ademais de

cunha tirada especial adicada á escritora de 21.000 bolsas de papel dispoñibles nos establecementos de A Coruña e 1.500.000 bolsas de plástico nas ensinas Eroski e Autoservicios Familia de toda Galicia.

O supermercado Eroski Center de Mesoiro, en A Coruña, foi o estable-

cemento escollido para levar a cabo o mércores unha pegada simbólica de carteis coa que a compañía deu comezo a súa xa tradicional campaña das Letras Galegas, froito do seu compromiso coa identidade galega da man da Xunta de Galicia.

O evento contou co secretario

DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2024

Luísa Villalta



Luísa Villalta



1 VECIÑA DA CORUÑA



ESPECIAL LETRAS GALEGAS

Lecturas para as xeracións máis novas

Títulos recomendados pola Real Academia Galega para achegar aos nenos a vida e obra de Villalta



Escrito e ilustrado por familiares directos da autora, este libro ofrece unha visión íntima da súa vida e dos valores que a inspiraron.



María Canosa propón aos lectores unha biografía que destaca o compromiso social e artístico da autora e a súa relación coa música.



Obra de poesía visual que percorre as etapas da vida de Villalta, integrando fragmentos das súas obras e o mar como fío condutor.



Alma de violino mergulla a cativada no mundo de Luísa Villalta a través das súas propias palabras e das ilustracións de Laura Suárez.



Unha biografía especialmente deseñada para os máis pequenos, que busca transmitir a esencia humana e cultural da homenaxeada.

B.C. [SANTIAGO]

A obra da autora recoñecida pola Real Academia Galega no Día das Letras Galegas 2024, ábrese agora aos máis pequenos grazas ás novas publicacións que están a saír do prelo. Estes libros achegan dunha maneira sinxela e amena a figura de Luísa Villalta e a súa contribución á literatura e á música. Desde

álbums ilustrados a biografías poéticas, a oferta editorial é variada e adaptada para todos os gustos.


A continuación, botamos unha ollada ás propostas recomendadas pola RAG para os lectores das xeracións máis novas, obras que achegan a vida e obra de Luísa Villalta, mais tamén os valores que a definiron como autora e como persoa.



17 de maio
Día das Letras Galegas
 LUÍSA VILLALTA

Concello de
CASTROVERDE

> caixaruralgalega.gal



> Síguenos!

**CAIXA RURAL
 GALEGA**

Ruralvía

**Día das
 Letras Galegas 2024**

Luísa Villalta

ESPECIAL LETRAS GALEGAS

Pisando estrelas... en Compostela

B.C. [SANTIAGO]

Este ano, o Día das Letras brilla cunha luz especial nas rúas de Santiago de Compostela, e non é só polo resplandor das estrelas que engalanan os seus recunchos emblemáticos. Detrás desta luminosa celebración atópase a figura de Luísa Villalta. Os seus versos, poesías que se entrelazan cos misterios e encantos da noite compostelá, serven como faro guía nesta xornada de homenaxe literaria.

Cunha campaña tan sinxela como evocadora, o Concello de Santiago quere involucrar a toda a cidade neste tributo a Villalta. Des-

RAXOI ANIMA A
COMPARTIR UNHA
IMAXE DA CIDADE NA
QUE ANDOU LUÍSA
VILLALTA CO CANCELO
#PISANDOESTRELAS

de hai días, as estrelas coa mensaxe "Andei por Santiago / pisando estrelas" iluminan as rúas, convidando a cada habitante a reflexionar sobre os seus propios paseos pola cidade e a compartir eses momentos nas redes sociais.



Unha das fotografías participantes na iniciativa de Raxoi polas Letras // @marroyo

Desde a súa nova conta de Instagram, @ConcelloSantiago convida a compartir unha imaxe dun lugar especial en Compostela, utilizando os cancelos #AndeiPor-

Santiago e #PisandoEstrelas, xunto a unha breve explicación do sitio escollido. O Concello sorteará dez lotes de material cultural entre as personas participantes.

A programación das Letras en Santiago inclúe tamén varias funcións de teatro no Principal. Este 17 de maio ás 20.30, acolle o espectáculo *Made in Galiza*, a cargo de Sarabela Teatro sobre un texto de Séchu Sende. Ademais, mañá sábado 18 de maio ás 20:30 haberá un recital multidisciplinar con poesía, música e imaxe que ten como eixo central os poemas de Luísa Villalta. Participan a poeta e comunicadora Eva Veiga, os músicos Bernardo Martínez e Fito Ares e proxecciónanse imaxes realizadas polo artista Alfonso Costa. Os convites pódense retirar na Zona C, en compostelacultura.gal e na billeteira do Teatro Principal.

«Andei por Santiago / pisando estrelas / na noite / que as rúas devolveron / con luces e clamores / secretos na noite. / Andei por Compostela / coa pedras orceladas / a Rúa das Hortas / onde descansan os arcanos / na noite».

17 DE MAIO

DÍA DAS
LETRAS
GALEGAS

Luísa Villalta



Concello de
Cartelle

www.cartelle.es



Concello
de Frades

COMPROMETIDOS CO
DÍA DAS LETRAS GALEGAS

CELEBRA O 17 DE MAIO XUNTO AO
CONCELLO DE FRADES



Ás 11:30 horas no multiusos de Frades
espectáculo para todos os públicos a cargo de
Lúa Teatro dos Ghazafellos

➔ Inscríbete no 981 69 55 67!

Esta actividade é de balde e está incluída no programa de
dinamización da lectura, "Ler conta moito"

XUNTA
DE GALICIA

17 DE MAIO

LETRAS
GALEGAS



CONCELLO
DE OROSO

www.concellooroso.com

MAIO DAS

LETRAS
GALEGAS

17 de maio

Ó mediodía: Animación de rúa con música tradicional.

18 de maio

De 17.00 a 20.00 h no Parque infantil do Castelo:
xogos populares. Somos Enredos

26 de maio

As 20.30 h Teatro Cine Elma.

"Unha residencia con moita marcha". Bradomín
Teatro da Asociación de Amas de Casa da Pobra

28 de maio

De 10.00 a 13.00 h polas úas da vila. Xogo Letras
Galegas. "Marabillas de Galicia". Barafunda
Animación (alumnado de primaria).

30 de maio

As 12.00 h Auditorio do Museo Valle-Inclán:
presentación do libro gañador do
VI Premio de Literatura Infantil Carlos Musteiro,
"Fóra de xogo" de José Luis Baños
(Agasallo do libro ó alumiado de primaria)máis información en:
www.apobra.gal

ESPECIAL LETRAS GALEGAS

MARGARITA LEDO

» XORNALISTA, ESCRITORA E CINEASTA

"A obra de Luísa Villalta vén
ser a dunha clásica que nos
está a explicar a nós mesmas"

LOURDES VARELA

–Sentiríase Vde. decepcionada se se deixasen pasar outros anos máis antes de que lle dedicasen a Luísa o Día das Letras Galegas?

Decepción non sería a palabra axeitada, de darse ese caso, porque sempre hai propostas diferentes e cada unha ten as súas razóns. A candidatura de Luísa Villalta xa a presentamos para o 2023, e re-
cuncamos neste ano porque se cumprían vinte do seu falecemento. É, como todo: ás veces temos que ir labrando á terra para que dea o seu froito.

–Entre outras cousas, porque Luísa era unha autora bastante descoñecida...

Claro, sobre todo por un amplo sector da cultura, e incluso dentro da propia RAG. Luísa foi unha persoa que tomara unha posición moi clara, unha posición de compromiso co que estaba a pasar no seu tempo, e isto ás veces leva a que determinados núcleos se desentendan. Pero resulta que ela era unha fonte de enerxía, de rigor, de coñecemento, de curiosidade, de non dar nada por sentado... por iso a súa obra está en constante metamorfose, tanto como creadora, como pensadora e, tamén, como cidadá de Galicia, e isto último é moi importante, fundamental. A de Luísa é unha figura da cultura contemporánea de noso que era preciso dar a coñecer, diso non hai dúbida, e a Academia entendeu esa necesidade.

–Unha das razóns polas que se dixo que esta elección foi oportuna, é porque a figura poética de Luísa actúa de nexo entre xeracións de poetas mulleres, ata o punto de que as máis novas poetas galegas recoñecen o seu influxo na forma de entenderen a poesía, e moitas delas considéranas unha referencia. Foi Luísa Villalta unha poesía adiantada aos seus tempos?

Si, si. De Luísa ata se pode dicir que é unha autora clásica no senso de que nos está a explicar a nós propias. Non é estraño que as poetas máis novas recollan a súa semente nas súas obras. A literatura de Luísa, ademais, ten unha característica salientable, que é a de estar vinculada con outras literaturas; era unha persoa, neste sentido, completamente porosa ao mundo, e amosaba un internacionalismo que era a consecuencia de ser nacionalista e feminista. Daquela, claro que se converte nun referente, e para que iso se consolide, temos a obriga que dar acceso á súa obra.

–Tamén foi unha adiantada na narrativa, nos ensaios e nos seus textos de teatro? Ou quizais con Luísa ocorra que a súa obra poética escureceu a que fixo noutros xéneros literarios?

Resulta evidente. É certo que os premios máis notorios que obtivo foron no ámbito da poesía pero, por exemplo, ela o primeiro que escribiu foi teatro, e a súa dramaturxia abofé que está feita para ser, ademais de lida, representada. E tamén hai que destacala no xénero ensaístico... De maneira que, efektivamente, hai outro tipo de rexistros na súa obra, de xéneros literarios, que son máis descoñecidos e están escurecidos pola súa obra poética.



A xornalista, escritora e cineasta
Margarita Ledo. // ECG

–Xa que Vde. tamén é xornalista, que me pode contar da obra xornalística dea propia Luísa Villalta?

Ela escribía sempre dende unha posición crítica, e sempre contextualizando. Para ela, os artigos, as columnas, significaban formar e tomar parte na sociedade.

–Cales foron os seus principais temas?

O da emigración aparece nos seus artigos constantemente, e precisamente porque o consideraba unha inxustiza; outro gran tema que tocou foi o das agresións ambientais, e fíxate na importancia que teñen a día de hoxe! Tamén escribiu sobre o capitalismo neoliberal (relacionándoo nomeadamente coas agresións ambientais)... Por outra banda, hai unha característica importante nos seus artigos, que é ese alegato final que ela sempre facía a prol da liberdade, da bondade... Diante dos problemas que semellan non ter saída, Luísa sempre abría unha porta, daba esperanza... Para min, Luísa representaba

"a desesperanza esperanzada". Luísa nunca se daba por vencida; cando a les, semella que escoitas un "Ponte a andar!". E iso, por certo, vénlle moi ben aos mozos e mozas de agora mesmo, que ás veces caen no derrotismo excesivo, porque ela sempre chama á acción social, á acción política, até a acción amorosa...

–Unha das facetas que destaca na vida de Luísa foi o seu activismo cultural, social e até político. Cre que, nese sentido, rachou con esa imaxe tópica de "poeta en soidade" facendo emerxer a de "poeta en sociedade"?

Obviamente, ela foi unha poeta "cara á fora", pero era consciente de que a escrita precisa tamén do mundo interior, íntimo, e isto non é contradictorio, senón que é parte dun mesmo todo. Nela a soidade non é esa torre de marfil. Polo contrario, é a propia relación coa rúa a que lle dá necesidade de concentrarse en soidade, e iso coido que é unha das claves da súa impresionante produción literaria.

–O xeito de entender o feminismo que tiña Luísa encaixaría perfectamente co feminismo de hoxe en día, ou tería as súas diferenzas?

O feminismo é unha das cuestións na que se deron máis pasos cara á visibilidade nos últimos tempos. A ela o que lle tocou foi unha época de loita por facelo visible. Pero, en poemas escritos xa a inicios dos 90, Luísa xa vai manifestando dun modo completamente claro a necesidade da muller do que hoxe se chama empoderamento pero que ela identificaba como "facerse consigo mesma", de que a muller é a medida, fronte á concepción do home que a ten como subalterna, "protexida" e convertida nunha peza dun sistema que a mantén á marxe. Polo tanto, habería que preguntarse que faría hoxe no feminismo Luísa Villalta, se xa dicía o que dicía hai trinta anos.

–Cando lle concederon o premio Porteiro Garea da RAG, Vde. iniciou a súa intervención con palabras de Luísa Villalta. Non conseguín averiguar cales foron. Pregúntolle agora por elas e por que as escolleu.

Pois vou ter que falarche de memoria, porque non teño aquí o texto. Pero coido lembrar que se trata dunha cita de *A lingua, unha nova elección*, que remata cunha frase fermosa que di: "A lingua énchemme de min". O texto forma parte dun libro titulado *O músculo da boca*, elaborado nunhas xornadas celebradas en Santiago, dedicadas a todas as línguas derivadas do latín.



Sábado 18 de maio

• 18.30h, ruta guiada polos
muíños do Río de Vaa.

Venres 24 de maio

• As 19.00h, presentación do
libro "Médicos e medicina
rural na Costa da Morte" de
Braulio Pérez Astray, Na Casa
do Pescador.

Sábado 25 de maio

• As 18.00h, presentación do
libro "Os peidos máxicos de
Sultán" de Marta Villar, no
Centro Cívico de Malpica.Haberá zurullos para todas/os
e se sortearán exemplares
entre as/os asistentes.Xoves 30 de maio
e xoves 13 de xuño• Das 11.30 ás 12.30h, visitas
teatralizadas ao Ecomuseo do
Forno do Forte.

Venres 7 de xuño

• A partir das 20.30h II Ruada
nun mar de letras no parque
Luciano García Alén de Buño,
con: A.C.D. Carxaxía, A.C.
Raigañas, Xisco e a súa
percusión e Paracetafolk.Concello de
Malpica de Bergantiños
Concellería de Educación, Cultura,
Patrimonio e Deporte.

ESPECIAL LETRAS GALEGAS

Boiro súmase ás celebracións coa XIII Romaría das Letras

B.C. [SANTIAGO]

O Concello de Boiro, en colaboración coa Asociación Cultural Barbantia, celebra hoxe, 17 de maio, a esperada XIII Romaría das Letras, un evento cultural que terá como escenario principal o idílico Pazo de Goiáns.

Nesta edición, a Romaría das Letras contará coa participación de recoñecidos artistas e grupos, entre os que destacan AdaNegra, Suse Geto, Sonagasallo, Palilleiras Revolteir@as, Che Tembra, Pedra de Aroña, o Grupo de Baile de Abanqueiro, Xilbarbeira, Abeloura, Alana trío, Os Melidaos, DJ Misa, o Grupo de teatro Airiños de Rianxo, Marta Ríos, Xulio Gutiérrez Roger, Editorial Cuadranta, Edicións Xerais, Editorial Ministerio de Cultura e Deporte, Librería NOBEL de Boiro e Librería LER da Pobra do Caramiñal.

A xornada principia ás 11:30h coa apertura do recinto e a acollida dos participantes no Barbanza, para logo dar paso a unha variada programación que inclúe a apertura da feira artesanal e literaria, sesións de fotocolor con traxes tradicionais, cortesía da asociación Xilbarbeira, unha exposición dedicada á autora homenaxeada co Día das Letras Galegas 2024, e un taller de ourivería a



Presentación do programa da Romaría a comezos de maio // C. de Boiro

cargo de Susi Gesto, entre outras actividades.

Os asistentes tamén poderán gozar dun fascinante roteiro botánico pola leira do Pazo de Goiáns, dirixido por Xulio Gutiérrez Roger, e dun emotivo concerto a cargo de ALANA trío no interior do pazo.

A xornada continuará cun xantar popular, onde os presentes poderán degustar delicias como a pulpeira, seguido da apertura institucional e presentacións literarias no interior do pazo. Entre as presentacións destacan a de "Car-

men e a serea mariña", de Ana Rial (Editorial Cuadranta), "Iribarne", de Ester F. Carrodegas (Edicións Positivas), e "Alma de violino", das autoras Beatriz Maceda, Eli Ríos e a ilustradora Laura Suárez (Edicións Xerais).

O día concluirá cun concerto de Os Melidaos no interior do Pazo, seguido do peche da XIII Romaría das Letras no Barbanza ás 22:00h. Unha xornada dedicada á cultura e a literatura galegas que promete ser inesquecible para todos os asistentes.


Certame de debuxos e relatos de Val do Dubra polo Día das Letras

B.C. [SANTIAGO]

O talento e a creatividade dos participantes no Certame de Debuxos e Relatos ou Poemas, convocado polo Concello de Val do Dubra en conmemoración do Día das Letras Galegas, amosaron unha profunda conexión coa lingua e a cultura galegas.

Ariana Fernández Rey destacou na categoría de debuxos, abarcando idades de 3 a 6 anos, cunha conmovedora imaxe de Luísa Villalta, autora homenaxeada nestas Letras Galegas 2024. As súas témperas capturaron a esencia da escritora de maneira sorprendente.

Marta Baña Lorenzo sobresaíu na categoría de relatos ou poemas de 7 a 13 anos, cun relato que reivindica a figura de Rosalía de Castro e subliña a importancia de es-



Debuxo gañador na categoría de 3 a 6 anos // C. de Val do Dubra

cribir na lingua propia, manténdose fiel a un mesmo.

Na categoría de relatos de 14 a 17 anos, o poema de María Gigirey Otero reflexiona sobre o paso do tempo, atopando nos versos un refuxio para a súa mente inqueda.

E nos relatos de adultos, María Elena Gómez Gómez acadou o primeiro posto cun relato que profundiza na identidade galega e a súa conexión coa terra, as tradicións e, por suposto, a lingua propia.

Os traballos galardoados están dispoñibles na páxina web do Concello de Val do Dubra na sección de novas. Como recoñecemento ao seu talento, as gañadoras recibiron vales para libros en galego que poderán trocar na Librería Ler da localidade, fomentando así a lectura na nosa lingua.

LETRAS GALEGAS Dodro

17/05 AS PALABRAS DO SUR

Presentación obra de Manuel López Rodríguez

17.30 h. CPI de Dodro

21/05 ESCENAS DA MEMORIA DE DODRO

Mostra fotográfica

09.00 - 14.00 h. Casa do Concello

24/05 ISAURA E TRISTÁN CONTASTORIAS

Teatro familiar

17.30 h. Casa da Cultura



LETRAS GALEGAS 2024
EN TRAZO

LUISA VILLALTA
CON MOITAS HISTORIAS, ENSINANZAS, RISAS E CANTIGAS

A FADA DO SACO VERDE

25 MAIO 2024
HORA 11:00 - 12:00
2 - 8 ANOS

PARA ANOTARSE NA BIBLIOTECA OU TLF. 981 689 324

concello de TRAZO

ler conta moito

ESPECIAL LETRAS GALEGAS

LETRAS GALEGAS
XXII FESTA DO GALEGO
LOUSAME

18 maio
Ofrenda a Zernadas de Castro
13.00 h Igrexa de Fruíme

19 maio
Concerto; Uxía Lambona e a Banda Molcna
18.00 h Praza do Concello

26 maio
'A utópica rodante de Vilatriste a Vilalegre'
18.00 h Casa da Cultura

30 maio
Exposición "vida e obra de Luisa Villalta"
Casa da Cultura

Concello de Lousame



Luísa Villalta en Portugal // Arquivo familiar - Centro Ramón Piñeiro

Reflexo e ritmo

Luísa Villalta e o ensaio

MANUEL NAVEIRA FUENTES

Hai un continuo eco que nos persegue a cada un de nós de xeito imparabile, intanxible, insondable, inefable e inconcreto. E é precisamente este eco, que nunca se altera cando nos alteramos, nin nunca se tranquiliza cando soñamos, o que queremos reter, tanxir, sondar, afanar e concretar. Non hai máis, non hai menos.

Tal finalidade é a que demostra a obra de Luísa Villalta, verdadeira artista total, en todas as vertentes da súa arte; tal é a poética sobre a que se asenta a súa obra. E, por suposto, no eido do ensaio, o fondo villaltiano é tan vivo coma no resto de xéneros que empregou para mostrar á historia a cor do seu eco.

Grazas ás características do mesmo xénero literario, é no ensaio onde Luísa se mostra como unha auténtica pensadora das Letras Galegas; onde os eixos teóricos sobre os que se asenta toda a súa perspectiva artística se explicitan do xeito máis literal, directo e potente.

Bases do pensamento villaltiano: A base da obra villaltiana a establece a tensión dialéctica entre o son e o ruído, entre a harmonía artificialmente humana e o caos insoportabelmente natural, sobre a que toda a realidade, simplemente, é. Se esta é a ontoloxía villaltiana, metafísica concreta cuasi material, sobre a mesma se erixe unha concepción ética, segundo a cal o individuo se realiza totalmente no pobo, complétase

sendo pobo, e a tensión positiva que se necesita para a existencia destas partes, individuo e pobo, é a que conforma a nación ó realizarse. Isto é, o individuo, para ser, é pobo, pero estes, ambos, son opoñéndose entre si, e tal oposición é a nación.

Se, por unha parte, na súa concepción ética podemos considerar certo esencialismo, por outra parte, na súa concepción ontolóxica, hai unha dialéctica, case metafísica, case corporeísta, mais enteiramente poética. A dialéctica villaltiana é a que se dá entre o ruído, ou realidade (a tese) e o son, ou poesía (a antítese), para dar lugar á música, ou vida (como síntese). Tal é a fórmula que descubriu e compuxo a poeta da concreción.

A tríade ensaística: Decidiu o ruído que o son villaltiano, no seu eido ensaístico, se concretase en tres músicas, ensaios, totalmente diferentes entre si, á vez que complementarios e reveladores da evolución no pensamento de Luísa. Comeza cun excelente labor de crítica literaria, de ollo incisivo e carácter académico, como é O Don Hamlet de Cunqueiro: unha ecuación teatral (Laivento, 1992) onde, para afondar aínda máis no dilema hamletiano, a poeta da concreción tira dunha progresión entre o matemático e o metafórico.

Logo da matemática vén a música, polo que o ollar acústico da brigantina decide centrarse en O outro lado da música, a poesía: relación entre ambas artes na historia da literatura galega (A Nosa Te-

rra, 1999), onde busca, na historia das letras galegas, a relación e solución da dicotomía que fundamenta o seu pensamento e esencia para confirmarse: a da poesía e a música.

Finalmente pecha a tríade ensaística de Luísa Villalta a colección de artigos xornalísticos O libro das columnas (A Nosa Terra, 2005), xa póstumo, onde se revela como o sistema de ideas que mantén o paradigma de fondo villaltiano deu lugar a resultados de pensamento de diversa índole, mais todos sustentados cunha solidez férrea. Cobre este libro un treito de algo máis de dous anos, do 4 de xaneiro de 2002, co artigo "Escribir para quen", até o 4 de marzo de 2004, con "Cultura, cultureta, culturismo".

Tres modos de sintetizar un ensaio, tres modos de pensar, tres modos de ser. Se música é modulación, contraste, contrapunto, tensión e distensión, Luísa foi quen de elaborar un gran repertorio coral onde cada elemento é grazas a integrarse ou enfrontarse ós que o rodean, formando así unha sección; e aínda que cada unha destas seccións é quen de facer música por si mesma, a orquestra necesariamente queda conformada e confirmada pola totalidade destas. Do mesmo xeito que do outro lado da poesía está a música, do outro lado da percepción estética está en Luísa un auténtico sistema de ideas configurado e asentado, que denota o sabor e o saber dunha auténtica pensadora-poeta, dunha artista total.

○ **17** de maio
é unha
data histórica

Galicia esa terra que tanto nos dá. Personaxes como **Luísa Villalta** fan que un día como este, e a pesar das dificultades, sintamos un orgullo enorme por ser galegos

Feliz Día das Letras Galegas!



Concello de
Chantada
www.concellodechantada.org

ESPECIAL LETRAS GALEGAS



Luísa Villata pintando versos // Arquivo de Blanca Silva

Sagaz e orixinal

A narrativa de Luísa Villalta

INMA OTERO VARELA

Tamén neste eido a chegada de Luísa Villalta foi relevante. Malia a que a narrativa adoita ser o xénero literario máis desatendido por parte da crítica, cultívao desde os comezos, acolle os trazos máis innovadores do seu tempo e dialoga co resto da obra de xeito coherente. Estréase en 1991 coa colección de relatos *Silêncio, ensaiamos* (Vía Láctea) á que seguirán, como libros independentes, as novelas *Teoría de xogos* (Laivento: 1997) e *As chaves do tempo* (A Nosa Terra: 2001). Pero tamén participa nunha chea de antoloxías de relatos, o que nos indica que era unha escritora que se tiña moi en conta cando se quería facer unha panorámica contemporánea. Forma parte con "Lúa" do libro *Narradoras* (Xerais: 2000) onde, como se pode deducir, se presentaban as escritoras máis destacadas na década anterior, mesmo aquelas nas que se depositaban as esperanzas da primeira década do milenio. Aparece asemade en *Materia prima* (Xerais: 2002) con "Máis alá das raíces", compilación que pretendía amosar a diversidade narrativa independentemente do xénero das autorías.

Mais, á parte disto, o compromiso cívico que a autora demostrou ao longo da súa vida, isto é, a manifestación práctica da súa ideoloxía, alén de ter cabida na temática dos textos, está detrás da colaboración en moitas escolmas. Así, por citar algúns, chega o texto "A nación das últimas cousas" para a colección *Novo do trinque* que publica o BNG en 1997; o conto "Coa lingua de fóra" para *Longa lingua. Contos da mesa* (Xerais:

2002) que realiza a Mesa pola Normalización Lingüística, da que era socia; ou o relato "A idade das preguntas" publicado na revista *Madrygal* 7 en 2004, protagonizado por unha rapaza que non entende o que está a pasar no mar galego tras o desastre do *Prestige*.

O anterior anuncia varias características. A primeira é a responsabilidade social, xa non só con aspectos concretos da actualidade como a reivindicación da memoria histórica para as vítimas do fascismo franquista, tal e como aparece nalgún dos relatos amentados, senón tamén coa ambientación histórico-económica, por chamarlle dalgún xeito. A vasta cultura, propia dunha personalidade intelectual, unida ao talante especulativo próximo á filosofía, dotan de ferramentas desde as que analizar a lóxica do capitalismo serodio e as consecuencias alienantes para un suxeito galego e urbano, tal e como aparece na lírica, no ensaio ou nos artigos xornalísticos. As concrecións artísticas en diferentes xéneros non poden diluír un xenio creativo como o de Luísa Villalta. De aí que en *Teoría de xogos* se esmiúcen as dinámicas das grandes empresas que tentan di-

**A VASTA CULTURA,
PROPIA DUNHA
PERSONALIDADE
INTELLECTUAL, DÓTANA
DE FERRAMENTAS
PARA ANALIZAR O
CAPITALISMO SERODIO**

vidir o cadro de persoal para poder explotalo mellor, ou que en *As chaves do tempo* se bote man dunha alegoría medieval que se remonta á absorción do Reino de Galiza polo de Castela, para chegar ao final do século XX, grazas ás artes de Merlín, e comprobar como o individualismo, as condicións laborais, o ruído e a capitalización do tempo supoñen os novos perigos para a identidade.

Estas dúas obras subliñan outro dos trazos da autora: a centralidade das personaxes e das voces narrativas femininas que reverten a convención de retratos anteriores. Aparecen moitas mulleres nos relatos de Luísa Villalta que se proxectan como donas reflexivas, atentas ao que sucede ao seu redor e que toman decisións. Unha particularidade de *As chaves do tempo* é que a narradora se declara desde as primeiras páxinas en feminino mentres manifesta que é o que espera das lectoras. Isto xa nos pon sobre aviso doutra singularidade: a experimentación discursiva, sobre todo no que se refire á enunciación. Todo casa. A ollada crítica cara o tempo que lle tocou vivir, o da apoteose do relato que anula calquera opción para a verdade, estimula o interese por quen administra a exposición dos feitos, é dicir, a voz narrativa. Deste xeito aparecen como narradoras cadelas ou árbores. Pero tamén a vocación lúdica e vangardista afecta ao quebrantamento da lóxica temporal, á estrutura dos textos ou á estabilidade das fronteiras entre ficción e realidade. Cuestións, en resumo, que nos indican que Luísa Villalta era unha narradora sagaz, orixinal e posmoderna.

Grazas a quen, a través da nosa fala, mantén vivo o noso mellor legado!

Val do Dubra, 2024



Traballo gañador do Certame de debuxo, categoría 3 a 6 anos, de Ariana Fernández Rey.



Concello de Noia
www.noia.gal

17 DE MAIO
DÍA
DAS
LETRAS
GALEGAS

LUISA
VILLALBA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA